



Informe
2018/2019



ENXEÑERÍA FORESTAL
ASEFOR S.L.

1 INTRODUCCIÓN

No ano 2019 o equipo de Asefor pon en servizo o visor gratuíto **Bikenta** para os membros do **Grupo Alvariza** de certificación forestal. Este impulso a transparencia e transmisión de información grazas as ferramentas dixitais é un proxecto que comezou anos atrás co Sistema de Control do Grupo de Certificación nos distintos perfís de usuario englobado na estratexia de dixitalización e aplicación das novas tecnoloxías no sector forestal e certificación da xestión forestal sustentable, promovido polo equipo de Asefor.

Asefor visita e realiza formación en certificación forestal a todos e cada un dos membros que solicitan formar parte do Grupo Alvariza. Neste contacto co propietario, faise entrega da documentación e actívase o acceso a plataforma Bikenta de xestión de parcelas forestais.

Durante o procedemento anterior, formúlase unha enquisa voluntaria e anónima co obxectivo de coñecer as claves do futuro do medio rural e da xestión forestal a través da incorporación dos membros.

Da información analizada transcende información social, con contidos de opinión, usos, tendencias, etc. Conceptos que poden incorporarse e servir de axuda para a comprensión e planificación da ordenación forestal.

As persoas que responden a enquisa son xestores forestais que se incorporaron ao Grupo Alvariza certificando os seus produtos. A enquisa segue a levarse a cabo para incorporar os resultados a análise en posteriores informes.

A continuación móstrase o resultado do primeiro estudo da Enquisa do Grupo Alvariza de certificación forestal 2018/2019.

2 MOSTRA

A mostra está composta polos xestores/propietarios forestais visitados durante as tramitacións das altas do Grupo Alvariza dende setembro de 2018 a setembro de 2019, os cales accederon a cubrir a enquisa a petición do persoal de Asefor. Os mapas elaborados van mostrar os datos por comarcas e por peso da cantidade de enquisas realizadas nos diferentes concellos. A mostra consta de 1.503 enquisas.

3 BLOQUES

3.1 Cuestións socio demográficas

Aqueles aspectos que teñen que ver coa identidade do xestor ou propietario como son o sexo, lugar de residencia, idade, estudos e profesión. Trátase de identificar o perfil do membro que se incorpora ao grupo de certificación.




1. Gráfico de intervalos de idade por sexo máis frecuentes nos xestores.


As incorporacións ao Grupo Alvariza máis frecuentes corresponde co intervalo de idade de 54 a 78 anos, tanto para homes como para mulleres. Aínda que a media de idade foi 66,4 anos para os homes e 67,7 para as mulleres. As enquisas realizáronse mais a homes (59%) que a mulleres (41%).

GRAO DE ESTUDOS

O nivel de estudos primarios domina o sector, con máis da metade das propiedades enquisadas (70%).




2. Gráfico de estudos rematados



PROFESIÓN


O 60% dos enquisados son pensionistas, situación laboral maioritaria dos xestores forestais activos.



3. Situación laboral dos Membros

LUGAR DE RESIDENCIA

A maioría das persoas enquisadas viven en áreas rurais. Esta porcentaxe tan elevada indica que é dende o medio rural onde con maior frecuencia é xestionado o monte e os bosques que teñen uso produtivo.




4. Lugar de residencia dos membros en %.

3.2 Cuestións relacionadas coa propiedade


Neste apartado centrámonos naquelas cuestións que teñen que ver coa relación dos propietarios co monte e o interese en seguir xestionando as propiedades.

INTERACCIÓN CO MONTE (ADEMÁIS DA MADEIRA)


Xeralmente os enquisados teñen algún tipo de interacción a maiores co monte aparte da produción de madeira, cun 70% de respostas afirmativas. A pregunta foi multi-resposta.



5. Realizan outras interaccións ou usos do monte




6. Gráfico de outros usos, maioritariamente leñas cun 56%.




ALUGUER DAS PROPIEDADES FORESTAIS

Un 82 % dos enquisados non están dispostos a alugar as súas propiedades forestais.



7. *Bondade de alugar parcelas forestais.*




3.3 Cuestións de tendencias, opinión e coñecemento do mundo forestal


Neste último bloque realízanse preguntas sobre posibles tendencias de uso futuras, de opinión xeral sobre o medio rural, a problemática dos incendios ou o uso de determinadas especies forestais.

INTERESE DOS DESCENTES (FILLOS) EN CONTINUAR COA XESTIÓN DOS MONTES FAMILIARES.

Aínda que en termos xerais hai un amplo interese en continuar xestionando os montes familiares por parte dos descendentes (80%), existe unha compoñente espacial nos datos que se aprecia no mapa.




8. Interese en continuar coa xestión das parcelas familiares.




COÑECEMENTO DOS SISTEMAS DE CERTIFICACIÓN FORESTAL FSC® E PEFC™ PREVIAMENTE A INCORPORACIÓN NO GRUPO ALVARIZA

O 76% dos enquisados descoñecía os selos de certificación forestal FSC e/ou PEFC. As áreas produtivas das mariñas de Coruña e Lugo son as áreas con mais coñecemento sobre certificación forestal debido a que foron as de primeira implantación en pequenos propietarios.




9. Coñecemento sobre os sistemas de certificación forestal antes da incorporación a Alvariza.




OPINIÓN SOBRE A CREENCIA NEGATIVA DO USO DE EUCALIPTO COMO ESPECIE PRODUCTIVA

A opinión xeral é que o eucalipto non “é malo” (91%) por parte dos xestores forestais activos.




10. Crenza que o eucalipto “é malo”




TENDENCIA DE PLANTACIÓN DE ALGUNHA ESPECIE DE PIÑEIRO NO FUTURO EN ALGUNHA PROPIEDAD DO MEMBRO

Os propietarios son reticentes a plantar algunha especie de piñeiro, nun 76% dos enquisados.




11. Tendencia de plantación de piñeiro.




PREGUNTA SOBRE OS MOTIVOS DOS INCIENDIOS FORESTAIS

Esta pregunta fai referencia a crenza sobre a motivación dos incendios forestais. A pregunta foi multi-resposta. As principais causas as cales os enquisados culpan os

incendios forestais son a falta de limpeza (67%) seguido de pirómanos (37%) e motivos políticos (26%).



12. Principais causas dos incendios.



4 CONCLUSIÓNS

Esta análise do sector forestal foi elaborada coa opinión e datos dos propietarios forestais particulares que se incorporaron aos sistemas de certificación forestal.

Nos sucesivos análises ampliaranse estes e outros aspectos relevantes do mundo forestal e do medio rural para coñecer as claves da dinámica da xestión forestal e poder anticipar accións que melloren o sector.

- A media da idade dos xestores forestais activos está próxima a idade de xubilación.
- Son pensionistas un 60% dos enquisados.
- O 70% dos xestores teñen estudos primarios.
- O lugar de residencia maioritaria das persoas que xestionan activamente as súas propiedades é en zonas rurais.
- O aproveitamento de leñas é a segunda actividade principal despois da venda de madeira.
- A maioría de enquisados non está disposto a alugar as súas propiedades a terceiros.
- O 80% dos descendentes queren continuar coa labor dos proxenitores.
- Non está estendido o coñecemento dos sistemas de certificación forestal previamente a venda de madeira.
- A gran maioría dos xestores non teñen unha opinión negativa acerca do uso do eucalipto como especie produtiva.
- Pola contra, un 76% dos enquisados non ten previsto producir madeira de piñeiro.
- A opinión maioritaria da causalidade dos incendios forestais é a falta de limpeza seguido da existencia de pirómanos, e en terceiro lugar determinan unha causalidade de tipo política.
- A ausencia de datos en Ourense, indica que a nivel propietario particular non existe un achegamento a certificación forestal como no resto de Galicia, probablemente debido a usos, cuestións demográficas e introdución máis tardía das cadeas de custodia dos compradores de madeira.

Este estudo foi elaborado por Enxeñería Forestal Asefor coa colaboración de Biostatech (*Edificio Emprendia, Campus Sur s/n Cruce, Avenida do Mestre Mateo, 15782 Santiago de Compostela, A Coruña*)

Santiago de Compostela, 2019.